

FELÍCITA RODRÍGUEZ CANÓRNIGO

A Historia de Felicita



O 19 de outubro de 1939, un día despois do crime de Soulecín onde foron asasinados por un destacamento da lexión Domingo Rodríguez Fernández e a súa esposa Amalia López o mesmo destacamento militar chega á aldea do Val, no concello de Rubiá e deteñen na súa casa a Concepción Cadórniga xunto coa súa filla Remedios como castigo por agochar e alimentar a fuxidos que se botaron ao monte no comezo da

guerra. Felicita librouse de correr o mesmo destino por atoparse traballando nun horto, segundo ela “salveime porque estaba a coller castañas”. Ela mesma contou a súa

historia ao xornalista José Antonio Gurriarán(1) nunha conversa onde rememorou a súa dramática experiencia, que a levou sen ela pretendelo a ser unha “muller do monte”, unha loitadora desde a retagarda da guerrilla antifranquista nos montes de Valdeorras.

“Denunciáronnos o alcalde e o cura de Rubiá, porque Gerardo Núñez Rodríguez lle falaba a miña irmá Remedios (...). Dician que lle daba comida e axudaba a Gerardo, que andaba escapado. A miña irmá víase ás agachadas con el. (...) Aquel día viñan matar a miña nai e irmá e á familia do Gerardo, aos que chamaban os “Perdigueiros”. Á miña nai e a á miña irmá colgáronas da cerdeira diante de toda a xente da aldea, e leváronas nun carro ao cemiterio. Naquel momento as dúas estaban vivas. Queimaron a casa e deixáronas no cemiterio, coa fosa aberta, ata o día seguintes pola tarde (...).

-Vostede, que fixo?

- Decateime do sucedido por un veciño e achegueime á aldea. Andei deambulando dunha banda para a outra. Estaba arrepiada e sen saber que facer (...). Dous días despois (...), o 22 de outubro, os da Lexión ían polo monte e eu detrás por un carreiro, cando se me achegou un lexionario andaluz, e díxome: “Vaite axiña, que te van matar”. Quedei de pedra. Volveu dicirme con angustia: “fuxe por favor que te van matar, vaite de présa”, e funme ao monte. Estiven oito días sen ver a ninguén. Polas noites durmía na parte máis elevada da montaña de encima da aldea, que chaman o Altiño (...). Pasaba frío e tiña moito medo. Polo día escondíame, tentando que non me visen.

AS NOSAS MULLERES

Ao oitavo día presentouseme Jesús Quiroga Arias, O Chucho de Xagoaza”, que levaba un tempo fuxido.(...) Sabía o que lle pasou á miña familia, protexeume e...ben, namorámonos. Era un home moi simpático, alto, de boa presenza e educado. Estiven once anos con el ata que tamén o mataron (...)

-Vivían no monte?

-Desde a morte da miña nai ata a miña detención, en 1941, estiven sempre escapada. Durmiamos no monte, en covas, en refuxios disimulados, entre as árbores, onde podíamos. Eu nunca quixen que se soubese que andaba escapada e se entrabamos nas aldeas saberíase rápido.

-Participou vostede nalgúns atracos e encontros coa forza pública?

-En atracos, non. Entre outras razóns porque sempre detestei as armas. Non podo velas. Estiven no medio dalgúns choques pero nunca participei neles.

(...)Normalmente o Chucho estaba só. El era comunista, pero cando estaba comigo non pertencía a ningún partido. Houbo unha época na que nos refuxiábase nunha cova, con dous fuxidos, o Toño, e outro chamado Américo, que era de aquí, de Córcomo. (...)Eu sempre desconfíei deles(...)

- Denunciáronos?

-Si esa foi a primeira vez que me detiveron, en abril de 1941, cando xa estaba embarazada da miña filla Loliña. Primeiro ingresáronme no cárcere do Barco e logo na Prisión Provincial de Ourense. Detivéronme porque nos denunciaron e traizoaron estes dous, o Toño e o Américo, que era moi ruín e que sen que o Chucho e eu o soubésemos, entregáranse á policía. Un día o meu compañeiro díxome que que quedase nun cavorco, foise, e eles viron o camiño libre e leváronme á forza ao barco. (...) Américo pediulle ao Toño que me matase. Díxollo varias veces, pero este negouse, e respondeulle que me entregaría á policía. Eu pedínlles que antes de entregarme que me matasen, pero o Toño non quixo. Cando estábamos preto do cuartel da Policía Armada, pedínlles que me deixasen pasar pola fonda dos Quirós, onde traballaba a miña irmá Lola e eu díxenlles que, como estaba embarazada, íame entregar, pois así a pena que me aplicarían sería moito menor. O Toño e Américo dixeron que non se trataba dunha entrega, que eles me obrigaron a ir con eles.(...)Xa no cuartel o Toño dixo: “Ao Chucho non o puidemos capturar, pero collemos a esta”. “Que me colleron?, se eu a vostedes non os coñezo de nada”, insistín. O sarxento ía pegarme, pero o tenente non o consentiu. Os dous delatores volveron a repetir que me traían eles para entregarme á policía, e eu insistín no mesmo, “ a vostedes non os coñezo e vinme entregar por decisión propia”(...)

Estiven oito días no cárcere do Barco e seis meses na Prisión Provincial de Ourense, e en todos os papeis e expedientes constaba que me entreguei

-A súa filla Lola, naceu no cárcere?

-Na prisión de Ourense, que era un antro e non tiña as mínimas condicións, nin instalación para un nacemento. Leváronme ao hospital no que dei a luz o 21 de maio de 1941. Estiven dous meses fora e,

AS NOSAS MULLERES

pasados estes, volvínovamente ao cárcere coa nena nos brazos. Dáballe o peito a miña filla Lola e á dunha presa de Bande. Puxen moito interese en manter a mellor conduta posible, porque estaba a desexar saír daquel lugar, non quería que a miña filla crecese alí.

Entón encargáronme dos nenos e das comidas doutras presas.

-Vostede cando saíu do cárcere que fixo?

-Quedei en liberdade e volví con Jesús, co que aínda estiven outros once anos, ata 1952, no que o mataron. Eu entón era legalmente libre, non figuraba como fuxida. Viámonos clandestinamente no monte, na miña casa, onde podíamos. Un día que Jesús estaba escondido un refuxio que disimulara na miña casa, veu un sarxento interrogarme. Nun momento quixo abusar de min, dixo que lle deran ordes de que me violase. Eu díxenlle: “abusarás de min, pero morta, non viva”. Ao día seguinte fun denunciado ao cuartel e desterrárono. (...)

-A Jesús Quiroga matárono na súa casa do Val o 22 de agosto de 1952. Segundo o parte que redactou aquel día a garda Civil, denunciouno un veciño de vostedes(...)

-Eu estaba alí, e asegúrolle que ao Chucho non o matou a Garda Civil, matouse el cando viu que non tiña saída. (...)antes de caer vivo nas súas mans pegouse un tiro na tempa.

-Despois de morrer Jesús volveu ao cárcere?

-Prendéronlle lume á casa, como cando colgaron a miña nai e a miña irmá, e leváronme ao cárcere do Barco. Despois ao de Ourense, onde me fixeron un consello de guerra por auxilio a fuxidos. Condenáronme a tres anos de cárcere, pero só cumprín ano e medio. Alí fun outra vez a encargada da comida dos carcereiros e levaba a contabilidade dos nenos. Grazas a iso redimín a metade da condena.(...)

Despois de morrer o Chucho non deixaban de molestarme, de vir a casa facerme preguntas. Casei porque querían abusar de min, porque temía que lle fixesen dano a miña filla. En realidade non casei, casáronme cun que era cuñado da miña sobriña. Eles fixeron a voda. Casei e deixou de chegar a Garda Civil.

Deste matrimonio naceron dous fillos, Balbino e Conchi, quen respectan o pasado da súa nai, admiran o seu tempero.

Os últimos anos Felicita viviu en Lugo coa súa filla Conchita, visitando o Val con frecuencia onde desfrutaba do seu horto. Faleceu o 17 de febreiro de 2011, á idade de 92 anos.

(1) José Antonio Gurriarán: As mulleres do monte. Ed. Galaxia, pax.389-404